

CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DAS OFICINAS DO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN

1. NECESIDADE DO CONTRATO

A construción do edificio de oficinas da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense data do ano 1996. Co paso do tempo a cuberta presenta numerosas goteiras que ao longo dos anos fóronse arraxando pero que a día de hoxe non resulta viable a súa reparación, sendo necesaria a impermeabilización total de toda a cuberta.

A actuación consistirá na impermeabilización da cuberta plana con poliurea en quente. Para elo realizarase a retirada das plaquetas que están na base actual. A continuación, realizarase unha limpeza da superficie coa preparación da terraza para aplicar unha membrana continua de poliurea como impermeabilización aplicada en quente. Ademais, realizarase a aplicación dunha membrana líquida de poliuretanos resistente á intemperie. A cobertura da cuberta contemplarase co subministro e estendido de grava para mellorar a resistencia dos materiais de impermeabilización.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a contratación das obras de impermeabilización da cuberta do edificio de oficinas, no Recinto Feiral de Expourense en Ourense.

CPV: 45212000-6- Traballos de construción de edificios, relacionados co ocio, os deportes, a cultura e o aloxamento e restaurantes.

CPV: 45261420-4- Traballos de impermeabilización

A presente contratación tipifícase como contrato de obras de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (de agora en diante LCSP), é de natureza privada de acordo co artigo 26.1.b), rexerese en canto a súa preparación e adxudicación pola LCSP e no que respecta aos seus efectos, modificacións e extinción polo dereito privado.

3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento máximo de licitación autorizado para a presente contratación ascende a SETENTA E SEIS MIL OITOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (76.894,82 €) (IVE incluído) gasto máximo que realizará a Fundación en virtude do contrato, quedando limitado o gasto real ao que resulte da selección das proposicións máis vantaxosas.

Para todos os efectos, entenderase que o devandito orzamento de licitación comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da prestación e toda clase de impostos directos e indirectos.

De acordo co artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato se fixa en 63.549,44 € (IVA excluído).

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

4. EXISTENCIA DE CRÉDITO

O importe previsto financiarase con fondos da Xunta de Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.751A.622.0, proxecto de gasto 2015/00265, “Mellora de infraestruturas nos recintos feirais” do seu orzamento de gastos para o ano 2023, no que existe crédito axeitado e suficiente, de acordo ao convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense en data 17 de abril de 2023.

5. DETERMINACIÓN DO PREZO

O prezo determínase mediante prezos unitarios referidos ás unidades de obras que se executen ao abeiro das posibilidades previstas no artigo 102.4 da LCSP.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución será de trinta (30) días contadas a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato sen perxuízo dunha mellor oferta por parte do licitador que resulte adxudicatario.

7. CLASIFICACIÓN E CONDICIÓN MÍNIMAS DE SOLVENCIA

De conformidade co disposto no artigo 77.1.a) da LCSP os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

A Clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á esixida para o contrato, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS E PARÁMETROS PARA APRECIAR AQUELAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Establécense criterios cuantificables avaliados mediante aplicación de fórmulas matemáticas ata un máximo de 100 puntos.

Os criterios para determinar que unha oferta poida considerarse anormal ou desproporcionada son os establecidas no artigo 149 da LCSP e no apartado N.2.1. do cadro de características do Prego de cláusulas administrativas particulares.

9. PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A contratación que se vaia realizar tipifícase como contrato de obras de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (de agora en diante LCSP), é de natureza privada de acordo co artigo 26.1.b), rexeráse en canto a súa preparación e adxudicación pola LCSP e no que respecta aos seus efectos, modificacións e extinción polo dereito privado.

Á vista do anteriormente exposto, e nos termos expresados nesta memoria xustificativa, propónse ao órgano de contratación o inicio do expediente de contratación das obras de impermeabilización do edificio de oficinas, no Recinto Feiral de Expourense en Ourense de acordo co programa de necesidades enumeradas nos documentos que revisten carácter contractual especificados no cadro de características do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Ourense, 20 de maio de 2023



Asdo.: Cristina M^a Álvarez Bermejo
Interventora